PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. CONCELLO DE MORAÑA

documento de aprobación inicial / setembro 2012

Tomo II

_Doc 5_Análise do modelo de asentamento poboacional_

oau
oficina de arquitectura, urbanismo y planificación

Concello de Moraña

Nome da parroquia: Amil (San Mamede) **Código: 01**

Delimitación:

Situada no sueste do concello, a parroquia de Amil limita ao norte coas parroquias de San Lourenzo de Moraña e de Santa María de Cosoirado, ao leste e ao sur co concello de Campo Lameiro e ao oeste coa parroquia de San Pedro de Rebón.

Estrutura territorial

Esta parroquia ten un tamaño mediano e unha forma alongada en sentido norte a sur cun engrosamento na parte setentrional.

En canto á topografía, toda a parroquia está en pendente, con poucas zonas horizontais e predominando a orientación oeste. A destacar os montes situados ao leste, que limitan co concello de Campo Lameiro e que alcanzan cotas que superan os 530 metros. O punto máis alto está no Outeiro Redondo e chega aos 538 metros, aínda que xa no concello veciño. A partires destes montes, o terreo comeza a baixar progresivamente ata os 200 metros con pendentes fortes e moderadas na parte leste e máis suaves na oeste.

O Rego de Castañeira e o Río de Gundeiro son os cursos de auga máis relevantes de Amil e ademais forman o límite coa parroquia de Rebón. O primeiro nace no concello de Campo Lameiro, nos montes que limitan coa parroquia de Amil e corre de sur a norte recibindo no seu camiño auga do Rego do Apedrado que baixa dende o leste. O segundo nace tamén no concello de Campo Lameiro e baixa cara o norte encontrándose no seu camiño co Rego de Castiñeira. A partires deste punto completa o límite oeste entre as parroquias.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de San Mamede de Amil está composta por catorce núcleos recoñecidos, asentados no cuadrante noroeste da parroquia e comunicados principalmente pola estrada EP-0018. Esta vía, ampla e co firme antigo, recorre a parroquia de norte a sur cruzando varios núcleos. Desta estrada parten pequenos camiños, estreitos e cun piso antigo en xeral, que comunican cos lugares máis afastados.

Se nos fixamos no tamaño e o número de vivendas dos núcleos rurais podemos dicir que son maioría os lugares pequenos ou moi pequenos como é o caso dos núcleos de Barro, O Castriño, Cartamil ou O Outeiro, sendo o máis pequeno o lugar de Pumardatán formado soamente por oito vivendas en total. De maior tamaño son os núcleos de Vilacova e A Picota, que se poden considerar de tamaño medio.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis das veces lugares compactos e cos límites claros. Exemplos do primeiro serían os lugares de Torre de Arriba, O Outeiro ou O Apedrado, e do segundo serían O Ruibal, Vilacova e O Castriño.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

As zonas da parroquia nas que se construíu un maior número de vivendas modernas aparecen ao redor do lugar de A Chan, principalmente no camiño que rodea o Santuario das Milagres de Amil, no que hai un total de vinte e catro vivendas modernas, o maior crecemento da parroquia e un dos maiores de todo o concello. Na contorna da estrada EP-0018, e que afecta aos lugares de Barro ou Vilacova, nos camiños que unen os diferentes lugares da parroquia como entre Piñeiro, A Rozavella e A Chan, onde se construíron sete vivendas, nos lugares pouco compactos nos que se ocuparon parcelas baleiras como nos lugares de Torre de Abaixo e O Outeiro, Pumardatán ou en A Picota, onde se construíron un total de sete vivendas novas, ou na periferia de núcleos como O Apedrado ou O Ruibal.

A maior parte das vivendas novas construídas nesta parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estrictamente residencial.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos núcleos. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal.

Tipoloxía dos edificios

Se falamos da edificación tradicional, dicir que son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:

- O primeiro, e probablemente máis antigo, ten pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos.
- O segundo tipo, e máis frecuente, ten planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda.

Como arquitecturas singulares podemos citar o Santuario das Milagres de Amil, o conxunto da reitoral coa torre medieval no lugar de Pumardatán, os muíños e a pontella de A Picota, os cruceiros espallados pola parroquia e, como solución construtiva especial, a incorporación de vieiras ás fachadas con orientación suroeste de algunhas vivendas tradicionais.

As vivendas de nova construcción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai casos nos que se emprega o perpiaño en fachada.

oau

oficina de arquitectura, urbanismo & planificación

CONCELLO DE MORAÑA
PLAN XERAL DE ORDENACIÓN
MUNICIPAL



06.02- PORTOPEREIRO (2)
06.04- SORREGO (1)
06.04- SORREGO (2)
08.01- SATÁN (O)
08.11- REDONDONIO
08.03- GALVO (O)
08.10- REBÓN DE ARRIBA (1)
08.10- REBÓN DE ARRIBA (2)
08.10- REBÓN DE ARRIBA (3)
01.08- PIÑEIRO
01.10- ROZAVELLA (A)
01.02- BARRO
01.12- TORRE DE ABAIXO
01.13- TORRE DE ARRIBA
01.03- CARTAMIL
01.06- OUTEIRO (O)
01.04- CASTRIÑO (O)
01.09- PUMARDATÁN
01.05- CRIAN (A)
01.11- RUIBAL
01.14- VILACOVA
01.01- APEDRADO (O)
01.07- PICOTA (A)
Campo das Pozas
Zuiteira
Zuite
Gran Poceda
Outeiro Redondo
Campo dos Osos
Porto do Curro
Outeiro da Xesta
Corrado de Campo Lameiro
A Rosa de Matías
Agrelos
Camiño
Rego
Fonte
Ponte
Pozo
Forno
Cruceiro
Igrexa
Cemiterio
Escola
Casa
Nave
Depósito
Pista Deportiva
Parque Infantil
Área Recreativa
Ponte Romá

codificación

- vivenda tradicional
- alpendre tradicional
- equipamento
- hórreo moderno
- granxa
- vivenda moderna
- alpendre moderno
- hórreo tradicional
- outras construcións tradicionais
- nave industrial / terciario

oau oficina de arquitectura urbanismo y planificación

plan xeral de ordenación municipal

documento de aprobación inicial

Concello de Moraña

modelo de asentamento poboacional
Amil (San Mamede)

M-1.01(a)

setembro 2012

escala: 1/5.000

01.03- CARTAMIL

01.13- TORRE DE ARRIBA

01.02- BARRO

01.12- TORRE DE ABAIXO

01.08- PIÑEIRO

01.06- OUTEIRO (O)

01.04- CASTRIÑO (O)

01.10- ROZAVELLA (A)

01.05- CHAN (A)

01.11- RUIBAL

01.14- VILACOVA

01.07- PICOTA (A)

01.09- PUMARDATÁN

01.01- APEDRADO (O)

codificación

- vivenda tradicional
- vivenda moderna
- alpendre tradicional
- alpendre moderno
- equipamento
- hórreo tradicional
- hórreo moderno
- outras construcións tradicionais
- nave industrial / terciario
- granxa

tipificación do núcleo

- núcleo rural histórico-tradicional
- núcleo rural común
- límite do núcleo rural histórico-tradicional
- límite do núcleo rural común
- límite do núcleo rural complexo

elementos catalogados

- patrimonio arquitectónico
- patrimonio arqueolóxico

dotacións e infraestruturas

- límite de parcela de equipamento
- límite de parcela de espazo libre ou zona verde
- límite de infraestrutura xeral
- límite de infraestrutura local

codificación

- área de cautela de elem. do cat. arqueolóxico (GR II-3)
- área de cautela especial de elem. do cat. arqueolóxico (GR II)
- contorno de protección de elem. do cat. arquitectónico
- GA36032000 clave de correspondencia co catálogo arqueolóxico
- P-00-00 clave de correspondencia co catálogo arquitectónico
- SLE-SC000 pr-ex clave de correspondencia coas dotacións

oau oficina de arquitectura urbanismo y planificación

plan xeral de ordenación municipal

documento de aprobación inicial

Concello de Moraña

modelo de asentamento poboacional

Amil (San Mamede)

M-1.01(b)

setembro 2012

escala : 1/2.000

NÚCLEO	O APEDRADO	NÚMERO	01.01	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación oeste.
	Poboación	31
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfalto antigo e zonas con arranxos. Vías interiores moi estreitas con asfaltado moi antigo e con arranxos sucesivos. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio ou pequeno e forma irregular, no núcleo. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da división das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é importante, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo dun camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si. Aparecen varias vivendas máis afastadas, pero no mesmo camiño.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos ou a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. Destacar a casa tradicional situada máis ao norte, no alto, pola coidada construción e calidade dos muros de pedra e ocos e pola pontella que permite o acceso directamente ao primeiro andar. Actualmente en restauración. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais e sen respectar as construcións tradicionais existentes.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e cuberta a dúas augas de tella, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación variable dende bo ata ruinoso. Destacar un hórreo no que os paramentos laterais están formados por grandes bloques de pedra labrada. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	19	16	3	-	49

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m^2
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES			
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	O APEDRADO	NÚMERO	01.01	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Dezaseis casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.
Tres vivendas modernas de recente construción situadas cara o suroeste do núcleo, unha delas preto das casas tradicionais, asentadas ao pé do camiño que leva ata A Picota e nunha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, polo que se define este asentamento como núcleo rural común.
O lugar de O Apedrado ten a consideración de **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	25.101	21.332	16	3	84,21	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	6,02
	7.679	6.379	3	3	50,00	

Fotografía aérea de O Apedrado.

NÚCLEO	BARRO	NÚMERO	01.02	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.10

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no norte da parroquia.
	Topografía	Predominan as zonas horizontais ou suaves pendentes.
	Poboación	39
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: EP-0018 e estradas da rede terciaria que comunican con ela.	
	Estado: Acceso principal moi ancho con asfalto deteriorado e arranxos sucesivos, tramos con beiravías e pintado case inapreciable. Vías interiores moi estreitas e con asfalto antigo.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de pequeno tamaño e forma irregular, asimilable a un rectángulo, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: a de tamaño medio e formas irregulares e a estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é importante, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado nunha zona case chá, organizado ao redor dun cruce e ao longo dun camiño, e cunha zona central formada por unha pequena agrupación de cinco casas. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e bastante próximas entre si.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas. A extensión principal está separada do núcleo tradicional e aséntase á beira da estrada principal de acceso, a EP-0018.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, planta rectangular e caracterizadas por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, normalmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda, aínda que neste núcleo só se aprecia nun caso. A meirande parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con sistemas construtivos e materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. A mediados do século XX aparece un tipo de vivenda novo similar ao anterior en forma e tamaño, pero que introduce o perpiaño de granito para a construción dos muros de fachada. Vemos varios exemplos neste núcleo. A destacar unha vivenda tradicional coa fachada sur cuberta de vieiras para protexerse do tempo do sudoeste. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta rectangular, un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. A maioría teñen un tamaño excesivo e non respectan o lugar.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra, habitualmente sen ocos, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación variable dende bo ata case ruinoso. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	12	8	4	-	41

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		

NÚCLEO	BARRO	NÚMERO	01.02	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Sete casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas ao redor dun cruce e ao longo dun camiño, e cunha zona central formada por unha pequena agrupación de casas, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.
Catro vivendas modernas, unha situada na zona tradicional e tres cara o norte do núcleo ao pé da estrada EP-0018 e nunha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, polo que se define este ámbito como núcleo rural común.
O lugar de Barro ten a consideración de **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	13.068	10.333	7	3	70,00	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	4,36
	12.794	9.993	3	5	37,50	

Fotografía aérea de Barro

NÚCLEO	CARTAMIL	NÚMERO	01.03	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.10

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no norte da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación oeste.
	Poboación	31
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfaltado antigo. Vías interiores moi estreitas asfaltadas e nun estado deficiente. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	A ocupación é baixa, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño con varios asentamentos situados ao longo dun camiño con unha ramificación que remata no conxunto de vivendas máis numeroso. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e separadas entre si, dando lugar a un asentamento disperso pero con límites identificables.
	Núcleo recente	Non aparecen vivendas de nova construción, sen embargo si se observan ampliacións e reformas de vivendas tradicionais, de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, planta rectangular e caracterizadas por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, normalmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a propia vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. Como elemento singular destacar o cruceiro que atopamos nun dos accesos ao lugar.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, habitualmente sen ocos, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación variable. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	10	10	-	-	34

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-01-02	Cruceiro	

NÚCLEO	CARTAMIL	NÚMERO	01.03	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Dez casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	18.553	15.702	10	4	71,43	5,39

Fotografía aérea de Cartamil.

NÚCLEO	O CASTRIÑO	NÚMERO	01.04	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.10

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas.
	Poboación	13
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos e vías interiores moi estreitas e cun asfaltado aceptable. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno e forma irregular, asimilable a un rectángulo, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: a de tamaño medio e formas irregulares e a estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é importante, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo bastante compacto e con límites claros, de pequeno tamaño, asentado ao longo dun camiño e formado por unhas dez vivendas. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, bastante próximas entre si e incluso formando medianiles.
	Núcleo recente	O crecemento prodúcese apoiándose en casas tradicionais, construíndo unha parte nova ao lado ou directamente enriba.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. Destacar a casa tradicional situada máis ao sur, en estado ruinoso, que presenta unha variante na relación coa topografía xa que posúe diferentes alturas segundo a fachada.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, habitualmente con rañuras, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación variable. Destacar un hórreo de gran tamaño compartido por varios veciños no que cada tramo ten un propietario diferente. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	9	9	-	-	24

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m^2
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES			
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	O CASTRIÑO	NÚMERO	01.04	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Nove casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e preto unhas das outras formando incluso medianiles, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar compacto, identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	11.804	10.043	6	6	50,00	6,78

Fotografía aérea de O Castriño.

NÚCLEO	A CHAN	NÚMERO	01.05	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.10, C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro cara o noroeste da parroquia.
	Topografía	Predominan as pendentes suaves cons zonas de maior pendente.
	Poboación	72
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: EP-0018 e estradas da rede terciaria que comunican con ela.	
	Estado: Acceso principal moi ancho con asfalto deteriorado e arranxos sucesivos, e pintado case inapreciable. Vías interiores estreitas e con asfalto antigo e tramos con beiravías.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou medio, gran parte delas con formas rectangulares moi alongadas propias da fragmentación típica do parcelario en Galicia. A ocupación é relevante na vía principal de acceso coas construcións próximas aos camiños e moito menor nas secundarias coas construcións colocadas cara o medio da parcela ou recuadas con relación aos camiños e cunha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Ámbito formado unicamente por catro vivendas situadas lixeiramente separadas entre si, preto do santuario e á beira da estrada EP-0018.
	Núcleo recente	O lugar apóiase na estrada que rodea ao Santuario das Milagres de Amil e os espazos e construcións anexos. De tamaño medio en canto a extensión e de poucas vivendas. A meirande parte delas sitúanse na beira da estrada principal de acceso, a EP-0018, e conforman un núcleo bastante disperso e sen límites claros.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Nas primeiras décadas do século XX aparece un tipo novo de vivenda similar ao tradicional (casa de pedra, planta rectangular e caracterizada por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, normalmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior), pero que substitúe a cachotería por perpiaño de granito para a construción dos muros de fachada. Vemos varios exemplos neste núcleo e que ademais son as vivendas máis antigas. Cabe destacar neste núcleo o conxunto formado polo santuario coa escalinata, o palco, o cruceiro e o parque que os rodea. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada, un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Algunhas delas inclúen perpiaño de granito en fachada.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Non se encontraron construcións auxiliares tradicionais. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	29	5	24	1	68

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m²
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	SLV-ZV102 Pb-Ex	Carballeira do Santuario de Amil	12.486,67
	SLE-SC101 Pr-Ex	Casa da Cultura de Amil	1.119,00
	SLE-SC102 Pb-Ex	Sala usos múltiples	2874,22
	SLE-DC101 Pb-Ex	EEI de Amil	2.049,06
	SLE-SC103 Pb-Ex	Edificio Auxiliar do santuario	2.511,74
	SLE-RE101 Pr-Ex	Santuario dos Milagres de Amil	2.511,74

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	E-01-06	Retablo-Fonte con Estatua da Virxe dos Milagres
	E-01-11	Carballeira de Amil
	I-01-02	Santuario das Milagres
	C-01-03	Cruceiro a carón do Santuario das Milagres

NÚCLEO	A CHAN	NÚMERO	01.05	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Cinco vivendas antigas sen relacións entre elas e gran número de vivendas modernas situadas ao pé da estrada principal de acceso, a EP-0018, e o camiño que rodea ao Santuario das Milagres de Amil e os espazos e construcións anexos, formando un lugar de tamaño medio en canto a extensión e pouco compacto, de gran crecemento nos últimos anos e no que non se pode acoutar un asentamento histórico-tradicional polo que se define como **núcleo rural común.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	126.092	87.908	28	33	45,90	2,50

Fotografía aérea de A Chan.

NÚCLEO	O OUTEIRO	NÚMERO	01.06	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.10

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no norte da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves ou moderadas e a orientación oeste.
	Poboación	14
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfalto aceptable. Vías interiores moi estreitas con firme antigo, en tramos bastante deteriorado. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio ou pequeno e forma irregular, asimilable a un rectángulo, no núcleo.. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación, aínda que variable, non é alta, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo dun camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes. Vivendas e construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños, case todas na parte oeste e lixeiramente separadas entre si conformando un núcleo bastante disperso.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, planta rectangular e caracterizadas por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, normalmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, salvo un caso que presenta escaleira de pedra na fachada, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos, principalmente na cuberta. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. Pódese destacar a fachada sur dunha das vivendas tradicionais por estar recuberta con cunchas de vieira. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Soen ter un tamaño excesivo para o lugar e non respectan as construcións tradicionais existentes.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, habitualmente sen ocos, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación variable dende bo ata ruinoso. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	10	8	2	-	24

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		

NÚCLEO	O OUTEIRO	NÚMERO	01.06	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Oito casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e dúas vivendas novas de recente construción, unha entre as casas tradicionais e a outra a pouca distancia, conformando un lugar pouco compacto e de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e no que se poden identificar un asentamento tradicional e un ámbito común, polo que se define como **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	14.930	12.379	8	5	61,54	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	4,92
	6.181	4.537	2	2	50,00	

Fotografía aérea de O Outeiro.

NÚCLEO	A PICOTA	NÚMERO	01.07	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves e a orientación oeste.
	Poboación	48
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Acceso principal moi ancho con asfalto deteriorado con arranxos sucesivos e pintado case inapreciable. Vías interiores estreitas, asfaltadas ou con formigón, con algún tramo deteriorado.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio e forma irregular, asimilable a un rectángulo, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: a de tamaño medio e formas irregulares e a estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é moderada, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As ocupadas por casas tradicionais con muro de peche e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo dun camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, permitindo a aparición posterior de casas novas.
	Núcleo recente	Aparecen dúas formas de crecemento do núcleo, unha que ocupa as parcelas libres entre vivendas tradicionais, cunha organización aberta na que as construcións auxiliares se colocan de forma libre, e outra que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular, ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. Cabe destacar os muíños tradicionais que hai no núcleo, varios deles en ruínas, parte dun camiño tradicional de pedra cunha pontella que salva o río, tamén de pedra, e un cruceiro. As vivendas novas soen ter planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Soen ter un tamaño excesivo e non respectan as casas tradicionais e o seu entorno.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, algunha deles con columna central de pedra na parte aberta, e a cuberta con tella situados ao lado da casa ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e a cuberta a dúas augas de tella. Están colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	22	15	7	-	78

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m²
	SLV-ZV101 Pb-Ex	Zona verde A Picota	125,70

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		
	C-01-04	Cruceiro
	E-01-02	Muíño
	E-01-08	Camiño de Pedra

NÚCLEO	A PICOTA	NÚMERO	01.07	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Quince casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, gran parte delas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, e sete vivendas novas, algunhas de recente construción, situadas ao pé dos camiños e nas parcelas valeiras entre as casas tradicionais, formando en conxunto un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e no que non se pode delimitar un asentamento tradicional independente, polo que se define como **núcleo rural común.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	29.587	24.566	18	3	85,71	8,03

Fotografía aérea de A Picota.

NÚCLEO	PIÑEIRO	NÚMERO	01.08	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		C-3.10
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no noroeste da parroquia.
	Topografía	Pendentes moderadas, predominando a orientación oeste.
	Poboación	40
	Tipo	Mononuclear bastante compacto con vivendas diseminadas.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfalto aceptable. Vías interiores estreitas asfaltadas nun estado deficiente e zonas con formigón en mal estado. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Predominio de parcelas de tamaño medio no núcleo e maior na periferia. A fragmentación destas últimas provoca a aparición de parcelas estreitas e alongadas. A ocupación é moderada coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño organizado en torno a un camiño estreito en forma de ferradura. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e relativamente próximas entre si, formando un núcleo bastante compacto e con límites claros.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente neste núcleo, de planta rectangular e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, palleiras, hórreos e mesmo a propia vivenda. Parte das vivendas pasaron empregarse como alpendres, algunha permanece en uso restaurada e outras foron reformadas ou ampliadas con materiais máis modernos. As vivendas novas soen ser de planta cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. A maioría teñen un tamaño excesivo para o lugar e non respectan as construcións tradicionais existentes. Como elemento singular destacar o cruceiro que atopamos no centro do lugar.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, frontais de pedra e habitualmente sen ocos e a cuberta a dúas augas con tella. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	13	10	3	-	36

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-01-05	Cruceiro

NÚCLEO	PIÑEIRO	NÚMERO	01.08	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Dez casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e relativamente próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.
Tres vivendas modernas de recente construción, unha preto das casas tradicionais e as outras dúas situadas cara o sueste e asentadas ao pé do camiño que leva ata A Chan e nunha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, polo que se define este ámbito como núcleo rural común.
O lugar de Piñeiro ten a consideración de **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	14.162	11.921	8	0	100,00	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	6,38
	3.069	2.601	1	2	33,33	

Fotografía aérea de Piñeiro.

NÚCLEO	PUMARDATÁN	NÚMERO	01.09	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Pendentes suaves ou moderadas, predominando a orientación oeste.
	Poboación	22
	Tipo	Mononuclear disperso.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfalto aceptable. Vías interiores moi estreitas con asfalto moi deteriorado e zonas con fochas. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Predominio das parcelas de pequeno tamaño no núcleo tradicional e maior na periferia e na extensión do núcleo. A fragmentación destas últimas provoca a aparición de parcelas estreitas e alongadas. A ocupación é moderada coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, xardíns, etc. As parcelas ocupadas por vivendas de nova construción presentan unha organización diferente, máis aberta e sobre parcelas de maior tamaño, coas vivendas recuadas con relación ao camiño.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	O ámbito principal é de pequeno tamaño, formado por tres vivendas tradicionais, situado na beira oeste dun camiño estreito. A edificación e as construcións auxiliares sitúanse á beira dos camiños e relativamente próximas entre si. Pódese diferenciar un segundo ámbito que estaría formado pola igrexa de San Mamede e o cemiterio, un cruceiro e a reitoral coas construcións anexas.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, ao lado da igrexa, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Resulta complicado establecer as tipoloxías das casas tradicionais xa que todas as vivendas sufriron modificacións importantes, pero o máis probable é que pertenzan a un destes dous, que son os habituais na zona: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, xeralmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, normalmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Cabe destacar o conxunto da reitoral, formado por un formidable edificio de tres andares con torre circular anexa e fachada sur con vieiras, un hórreo de cinco tramos sobre pés, un pombal e construcións auxiliares. As vivendas novas soen ser de planta cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior, terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. A maioría teñen un tamaño excesivo para o lugar e non respectan as construcións tradicionais existentes.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, frontais de pedra e habitualmente sen ocos e a cuberta a dúas augas con tella. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	8	4	4	-	29

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m²
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	SLE-CP101 Pr-Ex	Igrexa Parroquial de San Mamede	1.951,48
	SLI-SU104 Pb-Ex	Depósito	53,65

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-01-01	Cruceiro da Igrexa Parroquial de San Mamede
	E-01-05	Pombal da Casa Reitoral de Amil
	E-01-09	Camiño en Pumardatán
	O-01-01	Torre Medieval
	P-01-01	Casa Reitoral de Amil
	I-01-01	Igrexa Parroquial de San Mamede

NÚCLEO	PUMARDATÁN	NÚMERO	01.09	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Catro casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, tres situadas á beira dun camiño e relativamente próximas e outra separada e cara o noroeste, no alto, e outras catro vivendas novas, algunha de recente construción, situadas entre as tradicionais e a igrexa parroquial, formando todas elas un lugar pouco compacto, disperso e de pequeno tamaño, que non segue unha tipoloxía de núcleo clara e identificable, polo que se define como **núcleo rural común.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	43.615	35.848	8	16	33,33	1,09

Fotografía aérea de Pumardatán.

NÚCLEO	A ROZAVELLA	NÚMERO	01.10	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		C-3.10, C-3.13
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no noroeste da parroquia.
	Topografía	Pendentes suaves, predominando a orientación oeste.
	Poboación	22
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos e vías interiores estreitos con asfaltado que comeza a fallar e tramos con arranxos.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Tamaño medio en parcelas ocupadas por construcións, de maior tamaño dende núcleo ata o regato que vai polo oeste e longas e estreitas na parte leste do lugar, produto da fragmentación das parcelas de gran tamaño. A ocupación é baixa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño no que se recoñecen unicamente tres casas tradicionais. Están agrupadas, pero o acceso realízase por diferentes lugares. Dúas mediante camiños nas parcelas e a outra dende a vía principal.
	Núcleo recente	As vivendas novas e as construcións auxiliares aparecen en parcelas valeiras ao redor do núcleo tradicional ligadas ao camiño principal de acceso, salvo unha delas que se apoia nunha vivenda tradicional e constrúe unha parte nova enriba.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo, de planta rectangular e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Unha das vivendas está restaurada e en uso, outra en estado ruinoso e a terceira foi reformada e ampliada con materiais máis modernos. As vivendas novas soen ser de planta rectangular con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. A maioría teñen un tamaño excesivo para o lugar e non respectan as construcións tradicionais existentes.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Só aparece un alpendre tradicional en todo o lugar, sendo este de pedra e madeira, cuberta reformada con fibrocemento e colocado á beira da casa. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	9	3	6	-	25

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	E-01-07	Fonte	

NÚCLEO	A ROZAVELLA	NÚMERO	01.10	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Tres casas de pedra con alpendres que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunha con recentes modificacións ou ampliacións e relativamente próximas entre si, e outras seis vivendas novas, algunha de recente construción, situadas ao pé do camiño que leva ata os núcleos veciños, formando todas elas un lugar disperso e de pequeno tamaño, que non segue unha tipoloxía de núcleo clara e no que o asentamento tradicional ten pouca entidade, polo que se define como **núcleo rural común.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	31.948	26.962	10	13	43,48	3,13



Fotografía aérea de A Rozavella.

NÚCLEO	RUIBAL	NÚMERO	01.11	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no centro da parroquia.
	Topografía	Pendentes moderadas, predominando a orientación sur.
	Poboación	15
	Tipo	Mononuclear bastante compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfaltado antigo e zonas con arranxos. Vías interiores moi estreitas asfaltadas ou con formigón nun estado mellorable con tramos deteriorados . Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Predominio de parcelas de pequeno tamaño no núcleo e maior na periferia. A fragmentación destas últimas provoca a aparición de parcelas estreitas e alongadas. A ocupación é moderada coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del e máis as de nova construción, teñen un esquema máis aberto e disperso.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño organizado en torno a tres pequenos camiños que converxen nun punto, que se pode considerar como centro. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si, formando un núcleo compacto e con límites claros.
	Núcleo recente	As vivendas novas sitúanse ao redor do núcleo tradicional nos camiños de acceso, ben a certa distancia do núcleo, ben xunto a el.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo e máis frecuente neste núcleo, de planta rectangular e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, palleiras, hórreos e mesmo a propia vivenda. A maior parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. Como elemento singular destacar un paso elevado de pedra que salva o camiño e que comunica unha vivenda tradicional, a de maior tamaño do lugar, cun hórreo e as terras que o rodean. As vivendas novas imitan a forma das casas tradicionais con sistemas construtivos actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, habitualmente sen ocos, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche presentando un bo estado de conservación en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	16	12	4	-	42

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

	Ref.	Denominación	SUP: m^2
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES			
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM			

NÚCLEO	RUIBAL	NÚMERO	01.11	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Doce casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo de pequenos camiños e que converxen nun punto central, permanecendo case inalterado, polo que se define como núcleo rural histórico-tradicional.
Catro vivendas modernas de recente construción, dúas preto das casas tradicionais e as outras dúas situadas a pouca distancia e asentadas ao pé dos camiños que levan aos núcleos veciños e nunha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo, polo que se define este ámbito como núcleo rural común.
O lugar de Piñeiro ten a consideración de **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	10.545	8.925	10	0	100,00	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	6,83
	13.526	11.887	6	6	50,00	

Fotografía aérea de Ruiba.

NÚCLEO	TORRE DE ABAIXO	NÚMERO	01.12	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.10

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no norte da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves nunha zona e fortes noutra. Orientación oeste, en xeral.
	Poboación	23
	Tipo	Mononuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfaltado que comeza a fallar e zonas con arranxos. Vías interiores estreitas asfaltadas nun estado deficiente e zonas con formigón con fochas. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio e forma irregular, asimilable a un rectángulo, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: a de tamaño medio e formas irregulares e a estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é variable, sendo importante nalgún caso, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, teñen unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño asentado ao longo dun camiño que se adapta á topografía evitando as grandes pendentes, pero con unha bifurcación na que as pendentes se fan importantes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños. Recoñécese un núcleo con vivendas próximas entre si e unha algo afastada.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, planta rectangular e caracterizadas por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, normalmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior,muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Todas as vivendas tradicionais están en uso, aínda que a maioría sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con sistemas construtivos e materiais máis modernos. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta rectangular, un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. A maioría teñen un tamaño excesivo para o lugar e non respectan as construcións tradicionais existentes e o seu entorno.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou un pouco separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, habitualmente sen ocos, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral , colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación bastante bo. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	10	7	3	-	36

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		

NÚCLEO	TORRE DE ABAIXO	NÚMERO	01.12	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Sete casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas unhas das outras, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e tres vivendas novas, algunha de recente construción, dúas delas situadas entre as casas tradicionais e a outra preto delas, conformando todas elas un lugar bastante disperso e de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e no que se pode delimitar un asentamento tradicional independente e outro común, polo que se define como **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	11.599	9.791	6	2	75,00	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	3,49
	18.082	15.867	5	9	35,71	

Fotografía aérea de Torre de Abaixo.

NÚCLEO	TORRE DE ARRIBA	NÚMERO	01.13	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL		C-3.10
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no norte da parroquia.
	Topografía	Pendentes suaves ou moderadas, predominando a orientación oeste.
	Poboación	22
	Tipo	Polinuclear pouco compacto.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfaltado que comeza a fallar e zonas con arranxos. Vías interiores estreitas con asfalto que por tramos presenta bastante deterioro e fochas. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño medio ou pequeno e forma irregular, asimilable a un rectángulo, no núcleo.. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As ocupadas por casas tradicionais con muro de peche e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor da curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción, presentan unha organización máis aberta e dispersa.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Recoñécense dúas zonas de pequeno tamaño. A situada máis ao norte coñécese como O Lago. Organízanse en torno a un camiño adaptado á topografía buscando as pendentes suaves, a meirande parte das construcións están na beira oeste. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que ocupa parcelas valeiras do núcleo con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, planta rectangular e caracterizadas por ter un desenvolvemento vertical importante, de gran porte, normalmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos, principalmente na cuberta. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou mesmo escaleiras, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais, aínda que vairas levan perpiaño de granito en fachada. A maioría teñen un tamaño excesivo para o lugar e non respectan as construcións tradicionais existentes e o seu entorno.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, habitualmente sen ocos, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche presentando un bo estado de conservación cando se trata de hórreos en uso. Tamén nos encontramos con casos nos que permanece só a estrutura de pedra. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	13	12	1	-	42

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	non	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		

NÚCLEO	TORRE DE ARRIBA	NÚMERO	01.13	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Doce casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e unha vivenda moderna de recente construción situada entre as casas tradicionais, conformando todas elas un lugar identificable e acoutable de pequeno tamaño que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo dun camiño e que permanece case inalterado, polo que se define como **núcleo rural histórico-tradicional.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	20.977	18.002	10	6	62,50	6,20

Fotografía aérea de Torre de Arriba.

NÚCLEO	VILACOVA	NÚMERO	01.14	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL	C-3.13

TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no sueste do Concello, núcleo no leste da parroquia.
	Topografía	Predominio das pendentes suaves con ramplas máis empinadas. Orientación oeste, en xeral.
	Poboación	69
	Tipo	Mononuclear bastante compacto con vivendas diseminadas.
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa EP-0018.	
	Estado: Accesos estreitos con asfalto que comeza a fallar e zonas con arranxos. Vías interiores moi estreitas asfaltadas nun estado deficiente e zonas con formigón con fochas. Sen beiravías e sen pintar.	
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno e forma irregular, asimilable a un rectángulo, no núcleo. Na periferia aparecen dous tipos: a de tamaño medio e formas irregulares e a estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores. A ocupación é variable sendo alta en xeral, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior ou nas leiras anexas soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, e as que carecen del e máis as de nova construción, teñen un esquema máis aberto e disperso.	
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño medio asentado ao longo de dous camiños que se cruzan e que se adaptan á topografía evitando as grandes pendentes. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e próximas entre si creando incluso medianiles, conformando un núcleo compacto e con límites claros.
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas valeiras con vivendas e construcións auxiliares novas.
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e palleiras. - O segundo tipo e máis frecuente neste núcleo, de planta rectangular e caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a vivenda. A maior parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. A destacar os muíños, os cruceiros e unha pontella de pedra que salva un camiño e dá acceso ás leiras veciñas. As vivendas novas soen ser de planta rectangular con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.	
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓNS AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter tres ou catro tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, algúns con rañuras, e os costais de madeira, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral , colocados nos arredores da vivenda e, moitas veces, sobre o peche cun estado de conservación que variable. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.	

Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	33	28	5	-	92

SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si	si

EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación	SUP: m^2

CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		
	C-01-07	Cruceiro
	C-01-08	Cruceiro

NÚCLEO	VILACOVA	NÚMERO	01.14	PARROQUIA	AMIL (SAN MAMEDE)

CONSIDERACIÓN URBANÍSTICA

Vinte e catro casas de pedra con alpendres e hórreos que seguen a tipoloxía tradicional da zona, algunhas con recentes modificacións ou ampliacións, situadas á beira dos camiños e todas próximas entre si, xeralmente con terreos de labranza na parte posterior, e que conforman un lugar identificable e acoutable de tamaño medio que segue a tipoloxía de núcleo asentado ao longo de dous camiños que se cruzan nun punto central e que permanece case inalterado, unicamente aparecen tres vivendas novas entre as tradicionais, polo que se delimita un asentamento que engloba as vinte e tres tradicionais e as tres modernas e se define como núcleo rural histórico-tradicional.

Delimítase, por outra banda, unha zona de tamaño e características adecuadas para o crecemento do núcleo e que recolle as dúas vivendas modernas, situadas a pouca distancia do núcleo tradicional e ao pé dos camiños que levan aos núcleos veciños, e as catro casas de pedra tradicionais situadas fóra da delimitación de núcleo histórico-tradicional, e defínese este ámbito como núcleo rural común.

O lugar de Vilacova ten a consideración de **núcleo rural complexo.**

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NHT (m^2)	Superficie neta delimitada NHT(m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	32.845	28.577	23	2	92,00	

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Superficie bruta delimitada NC (m^2)	Superficie neta delimitada NC (m^2)	Parcelas edificadas	Parcelas edificables	Consolidación (%)	5,35
	32.359	27.622	6	12	33,33	

Fotografía aérea de Vilacova.